

## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, mediante o que se prorroga ata o 31 de decembro de 2029 a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo e se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029**

### **1.- Antecedentes**

1.1.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo, (en adiante IGVS) é o organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, de 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribir os correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1 e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestruturas e de dotación de servizos.

1.2.- O 3 de febreiro de 2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o "Consorcio Casco Vello de Vigo".

O Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo, na súa sesión do 28 de novembro de 2006, acordou por unanimidade a separación do Consorcio da Zona Franca de Vigo, feito que se acordou pola Comisión liquidadora, nomeada para o efecto, na súa sesión do 17 de xullo de 2007.





1.3.- O 1 de outubro de 2007 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio Casco Vello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo mediante o que o IGVS modifica a súa participación no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Con este convenio se modifica a participación no Consorcio Casco Vello de Vigo polo que o IGVS pasa a ocupar o lugar que deixa o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

As achegas das entidades consorciadas quedaron do seguinte xeito:

IGVS.....27.000.000,00 €

Concello de Vigo.....3.000.000,00€

Total .....30.000.000,00€

Deste modo o consorcio está participado nun 90% polo IGVS e nun 10% polo Concello de Vigo.

1.4.- O 7 de decembro de 2011 asinouse un convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo mediante o que se modifica o artigo 4.3 dos Estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

1.5.- O 16 de decembro de 2011 asinouse un convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo en virtude do cal prorrogouse a vixencia do Consorcio do Casco Vello ata o 30 de xuño de 2012.

1.6.- O 29 de xuño de 2012 asinouse un convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo en virtude do cal prorrogouse a vixencia do Consorcio do Casco Vello ata o 30 de decembro de 2012.

1.7.- O 17 de outubro de 2012 asinouse un convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo en virtude do cal modificáronse os estatutos do consorcio, prorrogándose a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2017. O 27 de decembro de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 246, a modificación dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo.

No artigo 6 dos seus Estatutos sinálase que o consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017 podéndose prorrogar a súa vixencia, dentro dos seis meses





anteriores á data da súa disolución, por transcurso do prazo legal de existencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinarase o período de prórroga e os efectos acordados para esta.

1.8.- O 26 de decembro de 2017 asinouse un convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo para prorrogar a vixencia do consorcio ata o 31 de decembro de 2021. A cláusula segunda de dito convenio fai referencia o réxime orzamentario estipulando o seguinte:

*"Para o financiamento das actividades do consorcio durante o período 2018 a 2021, as partes comprométense a realizar as seguintes achegas:*

	2018	2019	2020	2021
IGVS	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €
Concello de Vigo	22.222,22 €	22.222,22 €	22.222,22 €	22.222,22 €

1.9.- En data 9 de decembro de 2019 o IGVS e o Concello de Vigo asinaron unha modificación do referido convenio para o incremento das achegas dos entes consorciados por importe de catrocentos mil euros (400.000,00€) distribuídos nas seguintes anualidades: 2020 (200.000,00 €) e 2021 (200.00,00 €).

Polo anterior, o convenio xunto coa súa modificación de incremento das achegas supuxo a seguinte distribución por anualidades:

2018	2019	2020	2021	TOTAL
200.000,00€	200.000,00€	400.000,00€	400.000,00€	1.200.000,00€

1.10.- O 28 de decembro de 2021 o IGVS e o Concello de Vigo asinaron un novo convenio polo que se prorroga a vixencia do Consorcio do Casco Vello de Vigo ata o 31 de decembro de 2025.

Para o financiamento das actividades do consorcio durante o período 2022 a 2025, as partes comprometéronse a realizar as seguintes achegas:





	2022	2023	2024	2025
IGVS	400.000,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €	400.000,00 €
Concello de Vigo	44.444,00 €	44.444,00 €	44.444,00 €	44.444,00 €

1.11.- En data 31 de outubro de 2025 o Xerente do Consorcio do Casco Vello de Vigo, comunica que o Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo na sesión ordinaria do día trinta de outubro de 2025 por unanimidade dos seus membros acordou aprobar o texto do Convenio para ampliar a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata o 31 de decembro de 2029 coas modificacións propostas polo IGVS e remite a certificación do devandito acordo para que se una ao correspondente expediente e se continúe a súa tramitación.

## 2.- Contido e obxectivos do convenio.

O presente convenio ten por obxecto prorrogar a vixencia do CCVV até o 31 de decembro de 2029. Así mesmo, se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029.

O Consorcio Casco Vello de Vigo é desde a súa creación no ano 2005 o principal axente rehabilitador e rexenerador no núcleo urbano orixinario na cidade de Vigo, centrando o seu principal esforzo inversor na zona alta do Casco vello en congruencia coas directrices sinaladas no PEPRI que delimita nesta zona a maior parte das áreas de rehabilitación prioritaria. Na zona baixa a actuación do Consorcio baseouse en complementar a política de axudas á rehabilitación levada a cabo desde a oficina de rehabilitación e en levar a cabo actuacións encamiñadas a dinamizar esta zona mediante a introdución de usos que contribúan á normalización do barrio.

As razóns que xustifican prorrogar a vixencia do consorcio veñen dadas pola necesidade de acadar a totalidade dos obxectivos establecidos no PEPRI en canto á rehabilitación de inmobles, a alta demanda e ocupación das vivendas rehabilitadas polo consorcio e ofertadas baixo a cualificación de vivendas de protección autonómica, o carácter dinamizador que supón o consorcio no conxunto histórico.





De conformidade co Plan de Actuación do Consorcio Casco Vello de Vigo para o período 2026-2030, que se formula cun horizonte estratéxico de cinco anos (2026-2030) por ser o período estimado como necesario para acadar un avance substancial nos obxectivos de rehabilitación propostos. A elección dun marco temporal que remata no 2030, aínda que supera a vixencia habitual dos convenios administrativos, ten unha dobre finalidade: por unha banda, aliñar as actuacións do Consorcio co marco de planificación a medio e longo prazo da Administración autonómica, nomeadamente co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030; por outra, ofrecer aos membros dos órganos de goberno e ás administracións consorciadas unha visión que poña de manifesto a necesidade de prorrogar a vixencia do convenio para dar cumprimento aos obxectivos propostos.

A execución das actuacións previstas para o derradeiro ano do plan (exercicio 2030) queda, en todo caso, vinculada á necesaria prórroga do convenio de colaboración que dá soporte á vixencia do Consorcio, cuxa tramitación se impulsará coa debida antelación.

Parta ese período determínanse os inmobles nos que se actuará e, para iso, establécense dous grupos. Aqueles de carácter prioritario e outros sobre os que actuar de xeito subsidiario.

Os criterios para determinar a prioridade son os seguintes:

- Ser propiedade do CCVV, o que implica que serán obxecto de rehabilitación durante a vixencia do plan. Este criterio explica a inclusión do inmueble en Pz Peñasco 5, dado o avanzado estado do proceso de adquisición.
- Estar incluídos no Rexistro municipal de solares e ser edificables. Por tal razón non se inclúen aqueles inmobles que carecen de edificabilidade coa excepción de Poboadores 36 por resultar moi conveniente para acometer a rehabilitación dos situados en Berbés 25 e Berbés 27, propiedade do CCVV.
- Inclusión en zonas onde o estado do inmueble e a súa localización causa un intenso impacto no conxunto declarado BIC. Este criterio xustifica a priorización dos





inmobles situados nos números 8, 14 e 16 da rúa Gamboa, rúa que, grazas aos traballos de rehabilitación recentes, atrae a un gran número de visitantes.

Por todo o anterior, debido ao papel fundamental que xoga a rehabilitación en edificios e vivendas dentro das políticas de vivenda e solo da Xunta de Galicia executadas polo IGVS, resulta necesario prolongar a vixencia Consorcio Casco Vello de Vigo ata o o 31 de decembro de 2029. Así mesmo, se aproba o marco financeiro para o período 2026-2029.

### 3.- Contido económico.

Para o financiamento das actividades do CCVV durante o período 2026-2029, recollidas no plan de actuación correspondente, as partes comprométense a realizar as seguintes achegas totais, que inclúen tanto as transferencias para gasto corrente como as de capital para investimentos:

APORTACIÓNS					
Entidade	2026	2027	2028	2029	TOTAL
<b>IGVS</b>	1.760.656,00	1.929.341,00	1.101.801,00	2.321.212,00	<b>7.113.010,00</b>
<b>Concello de Vigo</b>	195.628,00	214.371,00	122.423,00	257.912,00	<b>790.334,00</b>

As aportacións do IGVS faranse con cargo a aplicación orzamentaria 11.81.451A.872.0 proxecto 2016 00002.

As achegas comprometidas están supeditadas ao ritmo de execución das obras contempladas no plan de actuación, en todo caso, limitadas polas dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio e polo cumprimento por parte da entidade das regras fiscais previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ou a norma que no seu caso a substitúa.





### Orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes

Tipoloxía actuación	Tipoloxía do gasto	Importe convenio actual	Importe convenio anterior (2022-2025)	Execución do convenio anterior	Variación (termos absolutos)	Variación (termos %)	Motivación (variación de custos/ novas necesidades)
Convenio	Outro	7.113.010,00	1.600.000,00	1.600.000,00	5.513.010,00	344,5%	Plan actuación 2026-2023

### Fitos e obxectivos de acordo co establecido no Plan estratéxico de Galicia.

Plan Estratéxico	Planificación de Fondos Europeos	Actividade	Indicador	Fito
PEG 2022-2030	Non aplica fondos europeos	PA03 mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	Non ten indicador asociado	

Encaixe no PEG 2022-2030:

Eixo E1. O reto demográfico.

Prioridade de actuación. PA03-Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade.

Obxectivo estratéxico. E02 Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático. Impulsar a rehabilitación da vivenda e a renovación e rexeneración urbana.

Obxectivo operativo. OI01- Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento).





Indicador. Non ten indicadores.

Territorialización: Concello de Vigo.

Planificación relacionada: O convenio enmárcase no Pacto da Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado polos representantes das entidades integrantes do pleno do Observatorio da vivenda de Galicia, documento que xorde da análise conxunta e da contribución de todos os representados no pleno do citado observatorio. No devandito pacto recóllense as liñas de actuación pública na materia, constituíndo un instrumento de planificación das políticas públicas neste eido para o período 2021-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia. Actualmente estase traballando na elaboración do II pacto para o período 2026-2030.

Documento asinado electronicamente.

A secretaria xeral do IGVS

M<sup>a</sup> Ángeles Domínguez Franjo

